

XXIV CARREIRA POPULAR BETANZOS FESTAS SAN ROQUE 2024

O Sábado 24 de agosto a partires das 10:30h terá lugar a XXIV Edición da CARREIRA POPULAR CONCELLO DE BETANZOS

1. **ORGANIZA E PATROCINA:** CONCELLO DE BETANZOS, CLUB ATLETISMO "BRUTANZOS TEAM".
2. **COLABORAN:**
 - CONCELLO DE BETANZOS
 - PROTECCIÓN CIVIL
 - GADIS
3. **LUGAR E DÍA:** VELÓDROMO BETANZOS, SÁBADO 24 AGOSTO. TODAS AS PROBAS CON SAÍDA E CHEGADA NO VELÓDROMO.
4. **HORARIOS, DISTANCIAS E ANOS DE NACEMENTO POR COMPETICIÓN:**
 - A PARTIR DAS 9:30 H: ENTREGA DE DORSAIS
 - 10:30 h.: CARREIRA DE PITUFOS (2017 e posteriores)
 - 10:35 h.: SUB-10 (2013-2016), SUB-12 Distancia: 500 m. aprox.
 - 10:40 h.: SUB-12, SUB-14, SUB-16 (2011-2007): 1500 m. aprox.
 - 11:00 h.: CARREIRA ABSOLUTA. DISTANCIA: 6 KM
 - 11:05 h.: ANDAINA
5. **INFORMACIÓN E CARACTERÍSTICAS DOS PERCORRIDOS:**
 - Percorridos cortados ao tráfico

- Todos os percorridos estarán debidamente sinalizados
- Os percorridos dos menores discurrirán pola zona do velódromo.
- Saída e chegada: velódromo de Betanzos.

6. **INSCRICIÓN E PREZOS**

O prazo de inscrición rematará o mércores 21 de agosto ás 23:59 h., na web www.cronotec.es

A inscrición para as categorías menores será gratuita.

A inscrición na proba absoluta será de 5 Euros.

7. **RECOLLIDA DE DORSAIS**

Os dorsais e agasallo do corredor conmemorativo da proba serán entregados aos participantes o sábado 24, dende as 9:00 h., na carpa habilitada a tal efecto na zona de saída e chegada da carreira, nas pistas deportivas cubertas anexas ao Velódromo de Betanzos.

8. **TROFEOS E AGASALLOS DA CARREIRA**

Na proba absoluta, trofeo para os 3 primeiros absolutos e as 3 primeiras absolutas.

Na proba de menores, ao non ser competitivas, os participantes recibirán un pequeno agasallo.

9. **CRONOMETRAJE**

Non haberá cronometraje nin clasificación ao tratarse dunha proba popular no que o principal obxectivo é dar a coñecer o pobo de Betanzos e disfrutar do día nunha pequena festa ao finalizar a proba.

10. **DUCHAS**

As duchas estarán situadas no colexio Vales Villamarín, a 100 metros da saída e chegada da proba.

11. **ROPEIRO**

Teremos unha zona habilitada para deixar a roupa na zona de saída e chegada.

12. **RESPONSABILIDADE E SEGURO DE**

ACCIDENTES

Todos os participantes estarán amparados por un Seguro Colectivo de Accidentes e atenderán en todo momento as indicacións realizadas pola Organización a través de voluntarios, técnicos, xuíces, persoal acreditado ou o speaker da proba. Cada corredor participa na XXIV Carreira Popular de Betanzos baixo a súa enteira responsabilidade. A Organización recomenda a todos os corredores realizar un recoñecemento médico e/ou unha proba de esforzo antes de tomar a saída. A Organización declina toda responsabilidade dos danos que os participantes puideran sufrir ou causar a terceiros en horas posteriores á súa participación na carreira.

13. DEREITOS DE IMAXE

Todos os corredores/as polo feito de realizar a inscrición aceptan a aparición da súa imaxe en videos ou fotografías previas ou durante a celebración do evento, entrega de premios/agasallos e a publicación do seu nome nos medios de comunicación e/ou internet, salvo manifestación expresa no sentido contrario, feita esta cunha antelación non inferior a 48 horas previas á celebración da carreira.

14. OUTRAS DISPOSICIÓNS

- Ao finalizar, haberá avituallamiento final para os participantes na proba, tanto nas carreiras como na andaina.
- A organización resérvase o dereito a modificar o presente reglamento ata 30 minutos antes do inicio da proba.